



ACTA Nº 1 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Reunión para a valoración da documentación da oferta presentada e proposta de adxudicación

RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2025 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, para a execución do programa de acollemento residencial de primeira acollida con carácter de urxencia (código de procedemento BS213U). A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución do presente concerto cunha contía máxima de 4.467.388,50 € (IVE incluído) no período 2025 (31 días)-ao 2029 (151 días).

En Santiago de Compostela, o 19 de decembro 2025 ás 13:00 horas, reúnense os membros da Comisión de Valoración establecida na cláusula P) da resolución sinalada no encabezamento e formada polas persoas que se sinalan:

Presidenta

- Cristina Blanco Aragón, (subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia)

Vogais

- Marta Queipo Díaz (xefa do Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Igualdade)
- Ana Piñeiro Barreiro, (psicóloga do Servizo de Protección de Menores)
- Teresa de Jesús Gutiérrez Manjón, (pedagoga do Servizo de Protección de Menores)
- Inés Estévez Nogueira, (traballadora social do Servizo de Protección de Menores)

Secretario

- José Manuel Castro Couselo (xefe de Sección de Programación)

Primeiro.- Con data 10 de novembro de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución indicada no encabezamento.

Segundo.- O prazo de presentación de ofertas rematou o día 10 de decembro de 2025.

A este concerto social presentouse unha única entidade:

ENTIDADE SOLICITANTE	DATA PRESENTACIÓN
ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL BERCE	05/12/2025 15:11

Terceiro.- A reunión ten por obxecto examinar, polos membros da Comisión, o informe elaborado polo persoal técnico da Consellería de Política Social e Igualdade e revisar a documentación presentada pola entidade participante no concerto social indicado no encabezamento referenciado co código de procedemento BS213U.



Cuarto.- Unha vez examinada a documentación presentada polo persoal do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, conséntase que a entidade presentou a documentación requirida completa e correcta.

Quinto.- Na cláusula O) da resolución do concerto establécense uns criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar.

Consonte aos criterios de valoración reflectidos no texto da resolución, a Comisión de Valoración establece a seguinte puntuación para a entidade presentada ao concerto:

RESUMO DAS PUNTUACIÓNS OBTIDAS POR ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL BERCE

Descrición	Puntaxe
A. Calidade do proxecto de intervención educativa (ata 40 puntos)	23,6
B. Instalacións nas que se levará a cabo o servizo (ata 20 puntos)	18,5
C. Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade (ata 10 puntos)	0
D. Continuidade na atención prestada en acollemento residencial de primeira acollida (ata 15 puntos)	6,28
E. Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia (ata 15 puntos)	15
TOTAL	63,38

Sexto.- De acordo coa dita valoración elévase a proposta de adxudicación á conselleira de Política Social e Igualdade, segundo o disposto no artigos 15 e 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme á seguinte clasificación:

ENTIDADE PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA

ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL BERCE

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O secretario da Comisión de Valoración
José Manuel Castro Couselo

A presidenta da Comisión de Valoración
Cristina Blanco Aragón

